



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Deseño e Procesado con Polímeros		Código	771G01011
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma				
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Física			
Coordinación	Abad Lopez, Maria Jose	Correo electrónico	maria.jose.abad@udc.es	
Profesorado	Abad Lopez, Maria Jose	Correo electrónico	maria.jose.abad@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta asignatura ten coma obxectivo adquirir os coñecementos necesarios para que os alumnos poidan deseñar con éxito un novo produto en materiais poliméricos, tendo en conta, as características especiais que os diferencian dos materiais tradicionais e os procesos de fabricación máis idóneos para eses materiais.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Adquirir coñecementos sobre as características físicas e químicas dos polímeros, para poder seleccionar o máis convinte para un produto dado.	A1 A8	B2 B3 B5 B6 B10 B11	C1 C6 C8
Adquirir os coñecementos necesarios dos distintos tipos de procesado utilizados nos materiais poliméricos para poder seleccionar o máis convinte para a fabricación do produto deseñado	A1 A2 A4 A7	B2 B4 B5 B9 B10 B11	C3 C6 C8
Adquirir coñecementos sobre a reutilización e reciclado dos materiais poliméricos. Coñecer a responsabilidade dun deseño máis ecolóxico que xenere produtos facilmente reciclables ou recuperables.	A1 A5 A7 A10	B4 B5 B6 B7 B11	C4 C5 C8
Aprender a utilizar os conceptos de reciclado e recuperación para mellorar a vida de persoas desfavorecidas.	A4 A10	B1 B9	C1 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade 1: DESEÑO DE PRODUTOS PLÁSTICOS. SELECCIÓN E PROPIEDADES DOS POLÍMEROS	A filosofía do deseño e desenvolvemento de produtos plásticos Conceptos básicos para a selección de polímeros Materiais poliméricos: características xerais Caracterización de polímeros. Normativa aplicable.



Unidade 2: EXTRUSIÓN DE TERMOPLÁSTICOS	<p>Descrición do proceso de extrusión.</p> <p>Tipos de extrusoras e cabezales. Equipamento accesorio.</p> <p>Principais liñas de extrusión, coextrusión e biorientación. Extrusión-soprado.</p> <p>Principais parámetros de extrusión. Influencia na calidade do produto extruído</p>
Unidade 3: INXECCIÓN DE TERMOPLÁSTICOS	<p>Introdución ao moldeo por inxección</p> <p>Maquinas de inxección: descrición e clasificación.</p> <p>Parámetros de procesado.</p> <p>Diagnóstico de fallos en pezas e solucións.</p> <p>Tecnoloxías non convencionais de moldeo por inxección.</p>
Unidade 4: OUTROS TIPOS DE PROCESADO	<p>Procesado de materiais termoestables.</p> <p>Outros procesados de materiais termoplásticos.</p>
Unidade 5: RECICLAXE DE POLÍMEROS. ECODESEÑO	<p>Introdución á reciclaxe de polímeros.</p> <p>Estratexias para a reciclaxe de polímeros: reciclaxe mecánica, reciclaxe química e incineración. Outras técnicas de reciclaxe e valoración.</p> <p>Plásticos biodegradables e compostables.</p> <p>Introdución ao ecodeseño.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 C4 C5	21	42	63
Prácticas de laboratorio	A5 B4 B7 B11 C1 C8	17	4	21
Proba obxectiva	A8 B2 B6 B11	2	18	20
Proba de resposta múltiple	B2 B3 B5 B6 B10 C3	0	12	12
Aprendizaxe colaborativa	A4 A10 B9 B1 C4 C1	2	13	15
Traballos tutelados	A4 A7 B2 B3 B4 B5 B7 B9 B10 B11 C1 C3 C6 C8	2	13	15
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Na sesión maxistral o profesor, exporá na aula os principais conceptos de cada tema dos que consta a asignatura. Para isto apoiarase nos medios tecnicos dispoñibles: presentacións en powerpoint, videos, etc.</p> <p>Posteriormente porá a disposición dos alumnos uns cuestionarios de axuda ó estudo que lles servirá de guía para preparar a proba obxectiva.</p>
Prácticas de laboratorio	<p>A maior parte da docencia interactiva realizarase durante ás prácticas de laboratorio. Nelas os alumnos divididos en grupos reducidos poderán ver a aplicación dos principais conceptos teóricos revisados na aula anteriormente. Estas clases poderan constar de videos interactivos, onde os alumnos deberan traballar sobre os contidos do mesmo; practicas de procesado, conferencias, etc.</p> <p>O final de cada clase, os alumnos cubrirán un cuestionario respecto os distintos aspectos que se viron na practica, isto servirá para avaliar o seu traballo na mesma.</p>
Proba obxectiva	A proba obxectiva consistirá nun exame tipo test no que se avaliará os coñecementos adquiridos polos alumnos o longo do curso.
Proba de resposta múltiple	Despois de cada sesión maxistral ós alumnos que asistiron a clase poderán facer un test online sobre a materia vista na clase, a través da plataforma Moodle. O test seguirá a mesma metodoloxía que a proba obxectiva e puntuará na nota final. O obxectivo é que os alumnos se acostumbren a realizar este tipo de probas o longo do curso.



Aprendizaxe colaborativa	A profesora propondrá un proxecto a desenvolver durante o cuatrimestre onde os alumnos teñan que facer un servizo a comunidade utilizando dalgunha maneira os conceptos vistos na materia.
Traballos tutelados	Unha parte da avaliación consistirá en facer un ou dous traballos en grupo. Estes traballos consistirá en estudar a aplicación de materiais poliméricos nun produto comercial, tendo en conta non so a selección idónea do material, o proceso de fabricación mais idóneo senon tamen aspectos sobre a normativa aplicable o produto en sí, aspectos económicos (rentabilidade industrial), etc. A idea deste traballo e que o alumno correlacione os conceptos vistos na materia de forma practica nun suposto real, que aprenda a consultar fontes bibliograficas especializadas, que aprenda a traballar en grupo, etc. O final do cuatrimestre cada grupo entregará unha memoria sobre o traballo realizado e tamén fara unha breve exposición oral ó resto da clase.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa	<p>Tanto para a preparación da proba obxectiva ou para resolver calquer outra duda referente o desenvolvemento da asignatura e os seus contidos, os alumnos disporan dunhas horas de tutorías semanais presenciais onde individualmente poderan expor e resolver as súas dudas que teñan co profesor. Ademais o profesor porá a disposición dos alumnos unha dirección de email onde poderan facer as consultas via email (tutorías non presenciais). Estas tutorías son voluntarias e manteranse o longo de todo o cuatrimestre.</p> <p>Ademais durante as sesións de prácticas, resolveranse as dudas que xurdan respecto os contidos da asignatura, de forma individual ou en grupo.</p> <p>O que respecta a execución do traballo tutelado ou o proxecto de aprendizaxe colaborativa, o profesor marcará unha serie de tutorías obrigatorias onde revisará os avances acadados polos alumnos, orientará o traballo de ser necesario e aclarará as dudas que xurdan o respecto.</p> <p>No que respecta ó alumnado con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, a atención personalizada desenvolverase de maneira virtual, mediante email, videoconferencia ou por teléfono.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A5 B4 B7 B11 C1 C8	Durante as practicas avaliaranse os coñecementos obtidos mediante cuestionarios e distintas actividades que se proporán nas mesmas.	20
Proba obxectiva	A8 B2 B6 B11	Tratarase dunha proba tipo test onde se avaliaran os coñecementos acadados polos alumnos durante o curso. Aplicarase unha nota de corte de 25 sobre 50, mínimo para obter o aprobado da asignatura.	50
Traballos tutelados	A4 A7 B2 B3 B4 B5 B7 B9 B10 B11 C1 C3 C6 C8	O longo do curso, proporanse un traballos tutelados en grupo. O finalizar os traballos entregarse unha memoria escrita do mesmo e farase unha pequena presentación o resto da clase. A avaliación farase a través da rubrica correspondente. En xeral, terase en conta a calidade da memoria escrita, a da presentación realizada o resto da clase e o traballo en grupo a través das tutorías específicas realizadas para o seguimento e orientación dos traballos.	10
Proba de resposta múltiple	B2 B3 B5 B6 B10 C3	consistirá en diversos test online (mediante a plataforma Moodle) a realizar polos alumnos que asistan a clase, despois de cada sesión maxistral	10



Aprendizaxe colaborativa	A4 A10 B9 B1 C4 C1	Avaliarase a calidade do traballo polo método de rúbrica, que estará a disposición dos alumnos dende o principio de curso. De maneira xeral avaliarase o traballo en grupo, a implicación persoal, a calidade dos recursos seleccionados polo alumno e tamén a interacción co colectivo o que vai dirixido o proxecto.	10
--------------------------	--------------------	--	----

Observacións avaliación

A asistencia ás practicas de laboratorio é obrigatoria así coma a achega dos cuestionarios correspondentes para a súa avaliación. A non realización das prácticas, sen unha razón xustificada, supón un suspenso automático. Para aqueles alumnos que teñan recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia ou aqueles que por causa xustificada falten algunha das sesións prácticas ó longo do curso, programaránse sesións de recuperacións.

Cada alumno deberá elixir obrigatoriramente unha actividade en grupo entre o proxecto de aprendizaxe colaborativa e o traballo en grupo. A participación nunha é excluínte da outra. A non realización de ningunha das dúas, sen razón xustificada, supón un suspenso automático. Nesta actividade a puntuación máxima por alumno é de ata dous puntos na nota final.

As situacións especiais dos alumnos que con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia ou por outros motivos debidamente xustificadas, non poidan cursar a asignatura de maneira presencial, deben ser comunicadas ó profesor o inicio do cuatrimestre e xustifícalas adecuadamente. O profesor dará as instrucións oportunas para que o alumno siga a asignatura sen problemas, substituíndo aquelas metodoloxías presenciais por traballos individuais ca mesma puntuación.

Os criterios de avaliación serán idénticos nas dúas oportunidades da convocatoria (a de Xaneiro e a de Xullo).

Aqueles alumnos que decidan non presentarse á proba obxectiva (exame tipo test) terán a cualificación de non presentado na acta correspondente.

Fontes de información

Bibliografía básica	BIBLIOGRAFÍA BÁSICA ?Guía de Materiales Plásticos?, Hellerich, Harsch, Haenle, Ed Hanser, 1989."Cuaderno guía 1: Aspectos fundamentales de los polímeros. Degradación y Reciclaje de Plásticos?, A. Ribes Graus, F. Vilaplana y L. Contat, Ed. Universidad Politécnica de Valencia, 2008 ?Técnicas Experimentales de Análisis Térmico de Polímeros?, J. López Martínez, D. García Sanoguera y F. Parrés garcía, Ed. UPV (Marcelino), 2003 ?Introducción a la Tecnología de los Plásticos, W. Michaeli, H. Greif, H. Kaufmann y F.J. Vossebürger, (Luis), Ed. Hanser, 1992 ?Inyección de Termoplásticos?, J.L. Arazo Urraca, Ed. Plastic Comunicación, 2000?Plastic Product Material and Process Selection Handbook?, D.V. Rosato, D.V. Rosato, M.V. Rosato, Ed. Elsevier, 2004"Physics of Plastics. Processing, Properties and Materials Engineering?, A.W. Birley, B. Haworth y J. Batchelor. Ed. Hanser Publishers, 1992 ?Ingeniería de los Polímeros?, M.A. Ramos Carpio, H.R. de Maria Ruiz (Marcelino), Ed. Ediciones Díaz de Santos, 1988Paxinas web: http://www.campusplastics.com/ http://plasticsnews.com/
Bibliografía complementaria	LIBROS DE CONSULTA "Industria del Plástico?, Richardson y Lokensgard, Ed. Paraninfo, 1999 ?Los plásticos más usados?, A. Horta, C. Sánchez, A. Pérez y I. Fernández, Ed. UNED Ediciones, 2000 ?Principales polímeros comerciales?, V. Vela y M. Cinta, Ed. UPV, 2006 "Plastics Design Handbook?, D.V. Rosato, D.V. Rosato y M.G. Rosato, Ed. Kluwer Academic Publishers, 2001 "Engineering with Polymers?, Peter C. Powel, Ed. Chapman and Hall, 1983 ?RIM, Fundamentals of Reaction Injection Moulding?, C.W. Macosko, Ed. Hanser Publishers, 1988 ?Simple Methods for identification of Plastics?, Braun y Dietrich, Ed. Hanser Publishers, 1982 ?Polymer Extrusion?, C Rauwendaal, Ed. CARL HANSER VERLAG, 1994 "Plastics in Automotive Engineering. Exterior Applications?, R. Stauber y L. Vollrath (Eds.). Ed. Hanser Publishers, 2007 "Blow Holding Design Guide?, Norman C. Lee, Ed. Hanser Publishers, 1998

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Física Aplicada á Enxeñería/771G01002
 Fundamentos de Materiais para á Enxeñería/771G01003
 Enxeñería de Materiais/771G01004
 Deseño Básico/771G01021
 Deseño e Producto/771G01023



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
--

Tecnoloxías de Desenvolvemento de Producto/771G01014
--

Reciclaxe e Medio Ambiente/771G01020

Administración e Organización Industrial/771G01034
--

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías
--